


Texto: **OLALLA GONZÁLEZ**  
Ilustracións: **MARC TAEGER**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.  
40 páxinas. Ilustracións a toda cor.  
Dispoñible en:

- Galego: "Garavanciño". Os contos do Trasnó  
ISBN 978-84-8464-682-2
- Castelán: "Garbancito". Libros para Soñar  
ISBN 978-84-96388-89-5
- Catalán: "En Patufet". Kalandraka-Hipòtesi  
ISBN 978-84-93667-1-2
- Portugués: "Grão de milho". Livros para Sonhar  
ISBN 978-989-8205-04-9

Prezo: 13 €

## GARAVANCIÑO



**Había unha vez unha familia que tiña un fillo moi pequeno, tan pequeno coma un garavanzo. Por iso decidiron chamarlle Garavanciño. Un día cando a súa nai estaba facendo o xantar, notou que lle faltaba o azafrán. Garavanciño axiña se ofreceu para ir á tenda. A nai nunca o deixaba saír só da casa porque tiña medo de que a xente non o vise e o pisase. Pero Garavanciño insistiu. Díxolle á súa nai que iría cantando; así, aínda que non o visen, sentiríano e ninguén o pisaría.**

KALANDRAKA segue recuperando relatos da tradición oral, de estrutura encadeada e ritmo acumulativo, que ten un dos seus máis claros exemplos en "Garavanciño". Como todos os que pertencen a este xénero, posúe un alto nivel didáctico e contribúe a construír a mente dos primeiros lectores, porque os contos populares son o nexos entre a cultura dos maiores e o mundo moderno actual.

A historia enmárcase nun ambiente familiar e protector, propio do fogar; pero lonxe de inculcarlle complexos e debilidades ao protagonista, a causa do seu pequeno tamaño, transmite unha mensaxe positiva: Garavanciño é forte, ten iniciativa, sabe afrontar aos problemas que lle xorden e resolvelos. E ademais, neste caso, teñen final feliz.

### **OLALLA GONZÁLEZ** (Marín, 1977)

Diplomada en Maxisterio, na especialidade de Educación Primaria. Especialista en animación á lectura, realizou diversos obradoiros plásticos e literarios. Traballa no departamento de edición e dereitos estranxeiros de KALANDRAKA. Ademais de "Garavanciño", tamén adaptou o conto tradicional titulado "Chibos chibóns", dispoñible en galego, castelán, portugués e adaptado á linguaxe de pictogramas para nenos con necesidades educativas especiais (colección Makakiños).

- **Temática:** conto tradicional adaptado
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** conto acumulativo, de estrutura repetitiva; a canción a modo de retrouso fomenta a oralidade: "pachín, pachán, pachón..."
- **Aplicacións:** os tamaños, o fogar e a familia, a superación das dificultades

### **MARC TAEGER** (Berna, Suíza, 1963)

Tras pasar por cidades como Milán, Nápoles (Italia), Schriesheim (Alemaña) e Lisboa (Portugal), Marc Taeger instalouse en Barcelona en 1975, onde estudou deseño gráfico. Actualmente reside en Galicia, onde segue traballando como deseñador para medios de prensa e axencias de publicidade. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son algúns dos eidos nos que desenvolve a súa obra, que se expuxo en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia, Costa Rica e outros países. Polo seu traballo de ilustración e deseño no libro titulado "A verdadeira historia de Carapuchiña", editado por KALANDRAKA, recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial 2005. Tamén neste mesmo selo ilustrou o álbum "Aguiles o puntiño". Deseña a imaxe gráfica da colección de narrativa na editorial FAKTORÍA K.

